

ESTUDOS									
VIVENDA									
TOTAL SOLICITADO									

NUMERO DE CONTA DONDE SOLICITA O INGRESO	
Titular da conta:	Entidade:

Lugar e data	Sinatura

Foz, 7 de marzo de 2017.- O ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA

R. 0657

LUGO
Anuncio

Estando en trámite neste Concello, expediente para a **MUTACIÓN DEMANIAL SUBXECTIVA DUNHA PORCIÓN DE TERREO DUNHA SUPERFICIE DE 3.800 M2 PROCEDENTE DA PARCELA 1, SITA NA AVDA. PAULO FABIO MÁXIMO (LEGADO ROMANO) RESULTANTE DO PARCELAMENTO E AGRUPACIÓN DE DIVERSAS PARCELAS A FAVOR DO CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR PARA DESTINALA Á**

CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA DE EDUCACIÓN INFANTIL 0-3 ANOS, de conformidade co disposto no artigo 83 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, expónse ó público polo prazo de VINTE DÍAS hábiles, para os efectos do seu exame e reclamacións.

O expediente atópase de manifesto no Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, sito no Centro de Servizos Municipais, na Ronda da Muralla, nº 197, 3ª planta, en horario de oficina.

Lugo, 3 de marzo de 2017.- A ALCALDESA, P.D. A TENENTA DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 0658

OUTEIRO DE REI

Anuncio

José Pardo Lombao, Alcalde do Concello de Outeiro de Rei, en cumprimento do disposto no artigo 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, fago saber:

O Pleno do Concello de Outeiro de Rei, na sesión celebrada o pasado día 23 de febreiro de 2017, aprobou inicialmente a modificación da ordenanza municipal reguladora da Escola Infantil Municipal.

O texto da proposta aprobada inicialmente é accesible na sede electrónica municipal.

Coa presente publicación iníciase un prazo de información pública de trinta días, durante o cal calquer persoa poderá examinar o expediente e presentar cantas alegacións e suxerencias estime convintes.

No suposto de que, transcurrido o citado prazo, non se houbera presentado alegación ou suxerencia algunha, entenderase definitivamente aprobado.

En Outeiro de Rei, 6 de marzo de 2017.- O Alcalde, José Pardo Lombao.

R. 0659

A POBRA DO BROLLÓN

Anuncio

cumprido o tramite de exposición pública da ordenanza que se indica a continuación sen que se presentase reclamación algunha considérase definitivamente aprobada co texto que figura a continuación:

1.01ª.-Ordenanza non fiscal reguladora do Servizo de Administración Electrónica

Título preliminar.

Artigo 1. Obxecto.

A presente Ordenanza regula a implantación progresiva da Administración Electrónica no concello da Pobra do Brollón, facilitando a prestación de servizos á cidadanía a través de medios electrónicos, e garantindo que a interacción con todo terceiro, no ámbito da actividade administrativa, pódase materializar a través da utilización das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC).

O concello da Pobra do Brollón garantirá o dereito dos cidadáns a relacionarse coa mesma utilizando medios electrónicos para o exercicio dos seus dereitos, nos termos previstos na Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico da cidadanía aos Servizos Públicos, ou normativa que a desenvolva ou substitúa. A este respecto, o concello da Pobra do Brollón asegurará a información, a accesibilidade, a integridade, a autenticidade, a seguridade, a confidencialidade e a conservación dos datos, documentos, informacións e servizos que se xestionen no exercicio das súas competencias, promovendo en todo momento a calidade dos servizos públicos prestados a través de medios electrónicos.

Artigo 2. Ámbito de aplicación.

A presente Ordenanza será de aplicación aos organismos públicos e entidades que conforman o concello da Pobra do Brollón, englobando a:

- a. As Áreas e Servizos que integran o concello da Pobra do Brollón.
- b. Os Organismos Autónomos dependentes do concello da Pobra do Brollón.
- c. As Entidades Públicas Empresariais que se puidesen crear por parte do concello da Pobra do Brollón, vinculadas á mesma.